

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2024 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta axencia no segundo cuadrimestre do ano 2024.*

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de maio a agosto do ano 2024, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Pablo Fernández Vila  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

**ANEXO****Convenios subscritos pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de maio, xuño, xullo e agosto**

Convenio	Data de sinatura	Achega Axencia
Convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega) para a realización de actividades de información e comunicación relacionadas con desenvolvemento da enerxía xeotérmica en Galicia e a elaboración do mapa de instalacións xeotérmicas de Galicia.	17.7.2024	25.000,00 €
Convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster de Enerxías Renovables de Galicia (Cluergal) para a realización de actividades de difusión, información e comunicación relacionadas co desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia.	19.8.2024	45.000,00 €

